

## **1.Introdución e contextualización.**

A Orde do 27 de decembro de 2022 fixo que tiveramos que adaptar as programacións didácticas da etapa da ESO aos cambios que dela derivan.

A normativa establece que o alumnado da ESO **ten dereito a tres avaliacións parciais e a unha avaliación final**. Polo tanto os departamentos teñen que organizar as distintas actividades de recuperación para o alumnado que non superara algunha parte dunha materia.

Isto realizarase sempre antes da data establecida no centro para a sesión de avaliación parcial e final, que se levarán a cabo nunha mesma e única sesión.

## **2. Avaliación e cualificación.**

### **2.1 Metodoloxía e actividades previstas para o período final do terceiro trimestre.**

Os alumnos/as que neste periodo teñan algunha avaliación pendente terán que recuperala. A proba de recuperación consistirá nunha proba personalizada para cada alumno en función do número de avaliacións que teña pendentes. Neste periodo final do terceiro trimestre traballarase na aula cos alumnos/as co fin de preparalos para superar o curso mediante actividades relacionadas cos contidos básicos.

A nota final de curso para estes alumnos/as será a de dita proba no caso de que teñan que recuperar as tres avaliacións, ou a media aritmética da nota das tres avaliacións no caso de que teñan que recuperar so algunha delas. A nota dunha avaliación recuperada será dun 5. Por outra parte, os alumnos/as seguirán vendo materia propio do curso ata a data da avaliación parcial e final.

### **2.2 Metodoloxía, actividades e medidas para atención a diversidade (acnee).**

Para os alumnos/as que o longo do curso tivesen medidas de atención a diversidade continuarase na mesma linea de traballo:

Os/as que teñan que recuperar algunha avaliación terán que realizar unha proba na que se aborden os contidos tratados en ditas avaliacións. Durante este periodo traballarase con estes alumnos/as co fin de preparalos para estas probas.

A nota dunha avaliación recuperada será dun 5.

Por outra parte, os alumnos/as seguirán vendo materia propia do curso ata a data da avaliación parcial e final.

**Datas de avaliación;**

Avaliación 3ª e final : 20 de xuño

Entrega de notas e remate das clases: 21 de xuño

Reclamacións: 21,22 e 23 de xuño

**3. Información e difusión.**

O alumnado que teña que recuperar a materia ou parte dela recibirá un informe individualizado a principios na 2ª semana de Xunio no que se lle especificará o xeito e contido da materia pendente.